- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Entenderase por metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

No aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo. As diferentes UD, no seu conxunto, permitirán o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro dos criterios de avaliación establecidos ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave ao remate da etapa.

Para a materia de francés, como materia optativa e segunda lingua, o departamento ten elaborada unha metodoloxía flexible, activa e participativa que consiste principalmente no desenvolvemento de moitas actividades, variadas e motivadoras, e estratexias para que todo o alumnado poda acadar os obxectivos dun xeito ou outro.

Estratexia importante é facer que o alumnado aprenda explorando a lingua, buscando posibles solucións, e para iso as aprendizaxes novas fanse sobre as xa adquiridas, é dicir, todos os contidos novos teñen un punto de partida nos coñecementos previos do alumnado. Pensamos, por un lado, que esta estratexia da seguridade ao alumnado, o fai máis autónomo e participativo (non ten medo ao erro). E por outra banda, recuperar o xa aprendido sucesivas veces facilita a súa adquisición definitiva.

O departamento de francés promove un enfoque comunicativo en situación: o punto de partida das actividades é sempre unha situación de comunicación que permite contextualizar os diferentes elementos lingüísticos (actos de fala, gramática e vocabulario). A clase de dinámica e motivadora vai encamiñada a acadar alumnado autónomo e o desenvolvemento das súas capacidades e da súa formación como persoas.

Para facilitar a participación activa e espontánea do alumnado, propoñemos:

- Contidos de interese para o alumnado de cada curso, segundo a idade.
 - Actividades para traballar en grupo, pequeno grupo ou en parellas, porque fomentan a interacción entre o alumnado e entre o alumnado e o profesorado, interacción indispensable para que se produza unha auténtica comunicación dentro da aula. Ademais, o traballo en grupos cooperativos axudará a incorporarse ao grupo a aquel alumnado que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.
 - Recursos variados que provoquen a necesidade de comunicar cos compañeiros e compañeiras en francés, explotar as catro destrezas lingüísticas (ler, escribir, escoitar e falar) e a práctica das competencias gramaticais (normas de funcionamento da lingua), discursiva (organización de diferentes discursos), estratéxica (corrixir, definir, matizar), sociolingüística (adequar os enunciados ó contexto), e sociocultural (familiarizarse co contexto social e cultural do francés). Utilizamos materiais de audio e vídeo (películas, cancións, repeticións de poemas) para familiarizar o son e a fala e coñecer diferentes campos da cultura francesa (cine, músicos...). Utilizamos moitos tipos de soportes materiais auténticos para estar en contacto coa realidade: xornais, cómics, programacións das teles, receitas, formularios, cuestionarios, enquisas,...etc.
 - Para a expresión e comprensión oral, facemos prácticas de memorización (poemas, chistes, proverbios, diálogos...) e de conversación baseadas, por exemplo, no seguimento dun cuestionario, elaborado polo departamento, con preguntas sobre todo tipo de temas de interese para o alumnado, que poden preparar con anterioridade. Nos dous primeiros cursos da ESO insistimos especialmente na comprensión auditiva porque é fundamental para establecer a comunicación.
 - Para a práctica da lectura o departamento elabora, para cada curso, uns textos de lectura que o alumnado repite, a modo de xogo, ata chegar á lectura correcta.
 - Para a comprensión e expresión escrita, utilizamos material elaborado polo departamento tendo en conta a idade e os intereses do alumnado. Destacamos as fichas de exercicios que inclúen léxico, gramática, cultura, temas transversais, xogos, cancións, memorización. O alumnado ten a obriga de facelas, en clase ou na casa, e entregalas ao profesorado para a súa corrección individualizada. Cada trimestre cada alumno/a fará entre 4-5 fichas. As actividades propostas nestas fichas teñen en conta, en maior ou menor medida, as oito competencias básicas propostas pola Unión Europea.
 - O alumnado ten a obriga de asistir ás clases cun caderno persoal, para anotar explicacións e facer exercicios e actividades, que é obxecto de seguimento trimestral por parte do profesorado, necesario como traballo permanente e indispensable na aula porque a intención é que este caderno tome forma dun libro de texto personalizado confeccionado polo propio alumnado en cada curso.
 - Preparamos cada ano, e en cada curso, unha actividade, que chamamos proxecto, que combina o francés coa plástica e co reciclaxe e que o alumnado garda como recordo do curso.
 - Fomentamos a curiosidade pola forma de vida, a cultura e a civilización dos outros.
- Como non adoptamos libro de texto, o profesorado segue o Cahier de cada curso, que especifica, en detalle, os

contidos, obxectivos, actividades, recursos, etc.

Todas estas pautas metodolóxicas van encamiñadas á adquisición dunha competencia comunicativa receptiva e produtiva, considerando a necesidade de:

- Potenciar que o alumnado use a lingua francesa para expresar realmente o que quere dicir.
- Axudar ao alumnado a memorizar significativamente expresións de uso frecuente aplicables a distintas situacións de comunicación e utilízalas nun contexto real.
- Levar a cabo actividades comunicativas nas que o alumnado teña a oportunidade de practicar a lingua cos seus recursos e estratexias de comunicación, tanto lingüísticos como non lingüísticos.
- Favorecer ao máximo a autonomía do alumnado, tanto na planificación de actividades e tarefas como na avaliación de aprendizaxes.
- Conseguir fluidez na comunicación oral e favorecer que a escritura permita a consolidación do aprendido.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Unidades didácticas de elaboración propia
Material de reforzo e de ampliación de elaboración propia
Documentos auténticos
Plataforma E-Dixgal e ordenador persoal do alumnado
Páxinas web vinculadas ao FLE
Ordenador e taboleiro dixital nas aulas.
Recursos dixitais (Tradutores, dicionarios, conxugadores¿)
Xogos comerciais e de elaboración propia aplicables á materia
Probas tipo DELF e outras certificacións

O alumnado ten a obriga de asistir ás clases cun caderno persoal, para anotar explicacións e facer exercicios e actividades, que é obxecto de seguimento trimestral por parte do profesorado, necesario como traballo permanente e indispensable na aula porque a intención é que este caderno tome forma dun libro de texto personalizado confeccionado polo propio alumnado en cada curso.

Como non adoptamos libro de texto, damos clases a partir do Cahier (caderno do profesorado) que especifica detalladamente as instrucións, contidos, actividades, recursos a utilizar, material necesario para o alumnado, calendario das probas ao longo do curso, etc.

O alumnado ten a obriga de copiar os apuntes, traballos e actividades no seu caderno persoal.

As clases teóricas completaranse cos exercicios prácticos das fichas fotocopiáveis e actividades que o alumnado ten a obriga de gardar para estudar.

Para a práctica da comprensión e expresión oral utilizamos recursos de Internet, documentos auténticos, cancións, ... etc.

A plataforma E-Dixgal servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.

Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña, xogos), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

No caso de traballar en grupo e necesitar libros de consulta en papel, utilizaremos a biblioteca.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso escolar, realizarase unha proba sinxela, oral e/ou escrita, individual ou grupal, para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Antes da sesión da avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das particularidades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do/a alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

A avaliación inicial marcará o punto de partida e reflexión daqueles elementos do currículo susceptibles de ser modificados para adaptalos máis especificamente ao alumnado do presente curso (metodoloxía, utilización de recursos,... etc.).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 esta programación, para cada unha das UD.

A) Os criterios de avaliación reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

B) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes criterios de avaliación nas cinco destrezas.

Entre as probas, proporanse probas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conxugación ou probas de pronuncia.

C) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades :

- 20% nota de clase (taboa de indicadores).
- 10% comprensión escrita (proba escrita)
- 10% comprensión oral (proba escrita)
- 10% expresión escrita (proba escrita)
- 10% expresión oral (taboa de indicadores)
- 40% gramática e vocabulario (proba escrita)

D) A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade, detaiadas anteriormente.

E) A cualificación trimestral obterase en función dos instrumentos de avaliación : 30% táboa de indicadores e 70% de probas escritas.

Considerarase superada a avaliación que acade unha puntuación de mínimo 5/10, e dicir, o alumnado terá que acadar o 50% da sum destas porcentaxes.

F) A cualificación da avaliación final obterase da media aritmética das 3 avaliacións.

- O alumnado que aproba a 3ª avaliación acada unha cualificación positiva no curso. Neste caso, terá a mesma nota no boletín da 3ª avaliación e da avaliación final: ou ben a nota obtida na 3ª avaliación, ou ben a nota media das tres avaliacións no caso de ser máis alta (esta nota media será obtida coas notas dos boletíns da 1ª e 2ª avaliacións, ou

das recuperacións, e a nota obtida na 3ª avaliación).

- O alumnado que na 3ª avaliación ten unha nota inferior a 5/10, tamén poderá acadar unha cualificación positiva do curso se a nota media das tres avaliacións é igual ou superior a 5/10 (esta nota media será obtida coas notas dos boletíns da 1ª e 2ª avaliacións, ou das recuperacións, e a nota obtida na 3ª avaliación). Neste caso, esta nota media será a mesma no boletín da 3ª avaliación e da avaliación final.

G) O redondeo da nota : se o decimal está entre 0 e 49, a nota será o mesmo número enteiro que sen decimais. Se o decimal está entre 50 e 99, a nota será o número enteiro inmediatamente superior. Excepción : as notas inferiores a 5 puntos de 10, sempre é un suspenso.

H) Todos os alumnos teñen a obriga de presentarse a todas as probas mencionadas anteriormente. De non presentarse ao exame o día acordado, deberán facelo ao día seguinte.

Criterios de recuperación:

A) Dado que é avaliación sumativa, as probas posteriores inclúen criterios de avaliación a modo de repaso e recuperación.

- O alumnado que suspenda a 1ª avaliación, considerarase recuperada se aproba o primeiro exame da 2ª avaliación ou a 2ª avaliación.

- O alumnado que suspenda a 2ª avaliación, considerarase recuperada se aproba o primeiro exame da 3ª avaliación ou a 3ª avaliación.

- O alumnado que aproba a 3ª avaliación acada unha cualificación positiva no curso. Neste caso, a nota do boletín da 3ª avaliación e a nota da avaliación final será a mesma: ou ben a nota obtida na 3ª avaliación, ou ben a nota media das tres avaliacións no caso de ser máis alta (a nota media será obtida coas notas xa redondeadas, sen decimais).

B) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

C) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acada o 5 na 3ª avaliación ou na media aritmética das tres avaliacións, deberá realizar unha avaliación final dos criterios de avaliación mínimos do curso. Para preparar dita proba, o profesorado proporcionará un boletín con exercicios. Os exercicios do exame da avaliación final serán moi similares aos do boletín. Nestes casos, a nota da proba final será superior ou igual (pero non inferior) á nota da 3ª avaliación.

D) O alumnado que, na proba de avaliación final, non acade unha cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

a. O alumnado coa materia pendente que non cursa francés no ano en curso: Cada trimestre terá unha proba e unha nota no boletín.

Ao principio de cada trimestre, o profesorado dará a este alumnado un boletín con exercicios para preparar a proba do trimestre correspondente. Os exercicios da proba serán similares aos do boletín.

A proba será 100% escrita e a nota sobre 10 puntos. Para aprobar o curso desta materia pendente, é necesario obter unha nota igual ou superior a 5/10.

No caso de suspender a avaliación, o alumnado terá dereito a facer unha recuperación antes da proba da seguinte avaliación (mesmo tipo de examen).

O alumnado que suspenda unha avaliación e a recuperación da mesma, considérase automaticamente recuperada se supera a seguinte avaliación (e a nota definitiva da recuperación será a desta avaliación), é dicir, unha avaliación posterior superada recupera automaticamente a avaliación ou avaliacións e recuperacións pendentes.

Para aprobar o curso desta materia pendente, é necesario obter unha nota igual ou superior a 5/10 na media das tres avaliacións. Neste caso, esta nota media será a nota do boletín da 3ª avaliación e da avaliación final. No caso de resultado negativo (a media das tres avaliacións é inferior a 5/10), o alumnado deberá presentarse á proba da avaliación final (mesmo tipo de exame preparado a partir dos boletíns dos tres trimestres).

Ao longo de cada trimestre, o alumnado e profesorado reuniranse de cando en vez para facer un seguimento e aclarar dúbidas.

b- O alumnado coa materia pendente que continúa cursando francés: Seguirán o mesmo procedemento indicado no apartado anterior (a), pero tamén terán a oportunidade de aprobar a pendente automaticamente se aproban unha avaliación do ano en curso, e neste caso xa non terán que facer os boletíns dos trimestres posteriores. O aprobado será marcado no boletín de pendentes, coa mesma nota que foi obtida, na avaliación na que foi acadado e nas posteriores. O profesorado informará ao alumnado a principio de curso.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Os criterios e procedementos para determinar a diversidade na aula serán os seguintes :

- Os resultados das avaliacións finais.
- Os resultados da avaliación inicial.
- A observación directa na aula. Antes da sesión da avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, recollerase información das particularidades da forma de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, manexo de procedementos), así como información sobre o grao de integración social do alumno (consigo mesmo, cos compañeiros e co profesorado).
- O rexistro de alumnos que presenten unha necesidade educativa documentada (información facilitada polo departamento de orientación).
- As manifestacións directas do alumnado e/ou familias.

A recollida de toda esta información permitirá coñecer as características do grupo e as necesidades individuais. Tendo en conta o principio de normalización, todo o alumnado será atendido coas medidas máis ordinarias posibles. Pero é unha realidade que a diversidade queda reflectida nas diferenzas que presenta o alumnado en canto a :

- Coñecementos previos (detectados na avaliación inicial)
- Intereses e expectativas.
- Aptitudes.
- Distintos ritmos de aprendizaxe.
- Actitudes con respecto á escola.

A programación terá en conta estas diferenzas, pero só en casos moi necesarios aplicaremos as medidas extraordinarias recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.

As medidas de atención á diversidade facilitarán as oportunidades e os medios necesarios para que cada alumno atope as súas condicións óptimas de traballo, poida manter a interese e a motivación e chegue a acadar un nivel de coñecemento e destrezas mínimas.

As medidas de atención á diversidade que o departamento ten preparadas para asegurar unha atención adecuada ás características individuais do alumnado, así como un respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, son as seguintes segundo o perfil do alumnado.

A) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

O alumnado que repite curso pero que acadou o aprobado en francés o curso pasado, seguirá o desenvolvemento normal do presente curso pero tamén poderá facer tarefas de ampliación para evitar a desmotivación.

O alumnado repite curso pero que non acadou o aprobado en francés no curso pasado seguirá o desenvolvemento normal do presente curso pero tamén un plan específico personalizado co obxectivo de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor e desenvolverase ao longo do curso.

O plan específico personalizado deberá incluír :

- Identificación do alumnado.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familias.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu desaproveitamento.

Para este alumnado, o departamento de francés facilitará cadernos de exercicios personalizados (adaptados ás particularidades de cada alumno destinatario) de aprendizaxe non adquiridos, ou en dificultades, complementarios ao presente curso.

Para facilitar o seu rendemento, este alumnado poderá utilizar o caderno do curso repetido, así como todo o material gardado a modo de axuda ou para corrírse. O profesorado poderá adaptar ou alternar calquera outra medida que poda beneficiar ao alumnado.

B) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA,... etc.).

- Adoptarase un programa e traballo de aprendizaxes non adquiridos: cadernos específicos complementarios de exercicios de reforzo para o alumnado que, ao longo do proceso de avaliación continua, non logra acadar os contidos mínimos necesarios (non logra aprobar a materia nalgunha avaliación).
- Facilitarase un traballo en espiral, retomando os contidos non adquiridos inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.
- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

C) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexistación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso, sempre que faciliten estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento (material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

D) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o departamento de francés organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigorosamente ao profesorado titor.

E) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de intereses. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Propóranselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

F) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira. De non ser así, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

G) Programas de reforzo específicos personalizados: cadernos de exercicios para o alumnado coa materia pendente (explicado no punto 5.2, Criterios de recuperación, o procedemento de seguimento, avaliación e recuperación da materia pendente).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito crítico e emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais traballaranse nas propias UD a través de diferentes actividades que desenvolverán os contidos ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés.	X	X	X
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Proporanse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés.			X
Cine en francés	Verase algunha película na aula en VOS.			X
Semaine de la francophonie	Verasne vídeos de países francófonos.		X	
Fête de la musique	21 de xuño. Escoitaranse cancións en francés e faranse xogos coa temática da música.			X
Chanson plurilingue	Preparación e interpretación dunha canción plurilingüe (français/anglais/espagnol).	X		X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.		X	X

Observacións:

O departamento de francés, ao longo do curso, organiza exposicións con materiais propios ou traballos do alumnado, elaboración de catálogos (monumentos, mulleres importantes, etc.) e colabora cos outros departamentos do centro en diferentes actividades.

O departamento de francés, se o considera oportuno, poderá organizar saídas a museos, exposicións, teatro, visionado de películas francesas/francófonas ou relacionadas con temas franceses, elaboración/concurso de crêpes na Chandeleur, concurso de felicitacións de Nadal, concurso de oeufs de Pâques, de karaoke, degustación de queixos (bacharelato), poisson d'avril, conmemoración do día da Francofonía, do día da Paz, da Journée de la Femme e calquera outra actividade proposta polo alumnado ou profesorado ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
15. Rematada cada unidade, o profesorado avalía a idoneidade das actividades e recursos empregados.
16. Adecuación da programación aos tempos e ás necesidades do alumnado.
17. Adecuación dos materiais didácticos propostos na programación e empregados na aula.
Metodoloxía empregada
5. A principio de curso o profesorado explica ao alumnado a forma de avaliar.
6. En cada proba haberá contidos das probas anteriores a modo de repaso e/ou recuperación.
7. Empréganse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
8. As actividades propostas son diversas.
9. O profesorado colabora cos alumnos e alumnas mentres fan as actividades na aula.
13. Os resultados das probas, traballos ou actividades ofrécense ao alumnado o antes posible.
14. Coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos etc.
19. Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Medidas de atención á diversidade
1. O profesorado propón exercicios de diferente nivel (empezando polo de menor dificultade) en cada unidade.
2. O profesorado ofrece ao alumnado explicacións individualizadas.
3. Definíronse programas de reforzo, de recuperación e específicos personalizados.
4. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado NEAE.
Clima de traballo na aula
10. O alumnado pode traballar en equipo, en grupos, en parellas ou individualmente, para facer as actividades da aula.
12. O alumnado móstrase motivado e participativo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11. O deseño das actividades ten en conta os elementos transversais.
18. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Descrición:

Establecemos os anteriores aspectos como ámbitos de reflexión, nunha escala de 1 a 4 que indica un menor ou maior grao de cumprimento respectivamente e que permitirán facer balance final do curso a partir dos resultados obtidos no proceso educativo sobre:

A diversidade (ítems 1-4)

A avaliación (ítems 5-7)

As actividades na aula (ítems 8-14)

A programación (ítems 15-20)

Para poder responder a estos puntos de reflexión, tamén se fará :

1. Enquisa: Na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas: o material proporcionado / a práctica docente / os instrumentos de avaliación / os tempos asignados para facelos / os tempos de corrección / o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre : a percepción da súa progresión / o tempo adicado á aprendizaxe da materia / as estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.

- Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.

• Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.

- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.

- As dificultades atopadas.
- - Os factores que influíron nas dificultades.
-

- - Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
-
- - As propostas de innovación necesarias.
-
- - Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
-
- - As medidas de atención á diversidade utilizadas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coodinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

Despois de cada avaliación, os membros do departamento reuniranse para falar sobre os obxectivos acadados e as dificultades de cada grupo e tratar de dar unha solución aos problemas atopados.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Aspectos susceptibles de mellorar, modificar ou eliminar para favorecer ao máximo a aprendizaxe da lingua.
- d) Resultados da enquisa feita aos alumnos sobre a práctica docente e as unidades tratadas. O obxectivo desta enquisa é coñecer os puntos fortes e febles da nosa práctica docente e melloralala o ano seguinte.

9. Outros apartados